

## BREVES

### **PRESIDENCIALISMO NO COMITÉ INTERCENTROS**

Delegados sindicais de CC OO e UGT no Comité Intercentros (CI) piden a anulación do proceso que deu lugar a cobertura con carácter provisional dunha praza de técnico especialista de actividades deportivas. O motivo principal para pedir a anulación é que o CI non participou na designación do representante que lle correspondía na comisión de selección.

Nunha reunión extraordinaria do Intercentros, celebrada o pasado 25 de setembro o presidente deste órgano recoñeceu ter cometido un erro ó designar a un membro da CIG sen consultar a ningún membro do CI e que por puro despiste, sen mala intención, non deu conta da súa actuación ó pleno do CI.

Desde a Sección Sindical de CC OO esiximos que o presidente do CI que asuma só as funcións que lle corresponden e a xerencia lle recordamos que os acordos do Comité Intercentros son os que toman os seus representantes e non o que decide quen ostenta a presidencia.

### **UN GRUPO DE ALUMNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS RECLAMA MAIS CALIDADE NA SUA FORMACIÓN**

CONSIDERAN QUE A FORMACIÓN ACTUAL ESTÁ POUCO RELACIONADA COA PUBLICIDADE

Este grupo de alumnos, autodenominado “Alumnos revoltosos da facultade”, moi preocupado pola poucas clases prácticas reais que reciben e pola escasa relación das materias que lles imparten coa licenciatura de Publicidade, empezaron a protestar por esta situación. No mes de xullo puxeron en marcha unha páxina web na que, con eslóganés tales como “viñemos aquí a estudar Publicidade”, “queremos aprende-las bases teórico-prácticas da Publicidade”, “nada mais de Teoría de Empresa, Economía de España e Sistemas Políticos”, por “unha licenciatura en Publicidade e non en Socioloxía”, e outros mais, reclaman que se corrixa estas eivas.

Os alumnos teñen razón. A orixe destas deficiencias está no vixente plano de estudos de esta licenciatura e nos intereses que se moveron ó redor del.

No próximo número do GD daremos mais información sobre este tema. Mentras tanto, os estudantes aceptan mostras de solidariedade.

### **ASASINATO E PERSECUCIÓN DE SINDICALISTAS EN COLOMBIA**

Cada ano en Colombia morren máis sindicalistas que no resto do mundo: nos últimos dez anos oito dirixentes sindicais da fábrica Panamco S.A., filial de Coca-Cola, foron asasinados, dous tiveron que exiliarse e corenta e oito tiveron que desprazarse forzosamente a outros lugares polo acoso dos grupos paramilitares que actúan en complicidade coas forzas armadas e os corpos de seguridade do estado.

Colombia non é o único país onde Coca-Cola fomenta esta política laboral baseada no terror, os grupos sociais e de dereitos humanos denuncian casos tamén en lugares como Filipinas, Paquistán, Guatemala, India, Venezuela, Cimbabue países nos que esta multinacional ou as súas filiais utiliza o asasinato, a violencia a corrupción e o incumprimento das leis laborais para aumentar os seus beneficios e así acadar os seus obxectivos económicos.

Javier Correa, o secretario xeral do Sindicato Nacional dos Traballadores da Industria da Alimentación de Colombia (SINATRAINAL) denunciou a violencia que se está a exercer contra os sindicalistas. Esta organización forma parte da acusación presentada por varias asociacións

e sindicatos americanos contar Coca-Cola e o seu proveedor colombiano, Panamco Colombia S.A. Esta denuncia, que inclúe malos tratos, secuestros e asasinatos, provocou en Colombia o aumento da represión contra os sindicalistas da multinacional.

## **CC OO E O SUP PRESENTAN A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA GARANTIR O PODER ADQUISITIVO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS**

O xoves día 10 de outubro, no Congreso dos Deputados representantes de CC OO e o SUP (Sindicato Unificado de Policía) presentaron as máis de 500.000 sinaturas necesarias, e a correspondente certificación da Oficina do Censo Electoral, para a protección da eficacia dos acordos e pactos nas Administracións Públicas e garantía dos seus empregados e empregadas.

Desde a Sección Sindical queremos darvos as grazas as tódolos traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo que coa vosa sinatura axudastes a que esta campaña acadara o obxectivo previsto.

## **I+D FABRICACIÓN DE ARMAS E OBXECCIÓN CIENTÍFICA.**

Como xa ven facendo desde 1988 o Goberno sigue mesturando gastos militares e investimento en I+D. Este ano os recursos destinados a este fin alcanzan os 4.000 millóns de €, cantidade que se queda en 1951 millóns se lle restamos os gastos militares que supoñen o 34,32% do total; é dicir un de cada tres euros destinados a investigación e desenvolvemento polo Goberno terá un fin militar.

Malia todo, incluíndo os gastos militares España só dedica o 0,94 % do PIB a I+D cantidade fronte o 2% de medio dos países da UE.

Para esixir un I+D *civil* máis de mil investigadores veñen de declararse obxectores científicos para mostrar o seu desacordo con destinar recursos públicos de investigación a proxectos militares. Os asinantes desta declaración comprométense a non participar en ningunha investigación que teña unha finalidade militar ou estea subvencionada con fondos destinados a investigación con fines militares. Esta campaña a esta promovendo a [Fundació per la pau](#)

[Ver o manifesto](#)